

Amigas e amigos.

Representantes das institucións sociais e políticas culturais do noso país.

Representantes da corporación municipal do Concello de Santiago de Compostela, da Deputación Provincial da Coruña, Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Señores e Señoras Deputadas do Parlamento Galego, Presidente da Fundación Rosalía de Castro, Presidenta do Consello da Cultura Galega, Representante da Real Academia Galega, da Vicerreitoría da Universidade de Santiago de Compostela, da Agrupación Cultural o Galo, da Central Intersindical Galega, da Federación Galiza Cultura, da Asociación Galega de Editoras...

Grazas á Asociación do Traxe Galego, e á Asociación Cultural Solfa por nos acompañar un ano máis, saudando ao Colectivo literario Comadres das Letras que hoxe nos acompañarán tamén nas lecturas.

Agradecidos desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a todos e todas as persoas e entidades que nos acompañades hoxe. Van xa doce anos que traemos a reivindicación dun Panteón de Galegos e Galegas Ilustres que sexa laico e de acceso e propiedade públicos. Temos reflexionado ao longo destes doce anos de reivindicación de Rosalía, de celebración da súa obra, a súa vixencia, e descubrímosla sempre tan actual, complexa e rica literariamente. Ela convócanos a unha lectura da súa poesía desde hoxe porque actual é o seu pensamento, a busca do coñecemento que desvenda os segredos da alma humana, tamén das súas reivindicacións que seguen en pé, nestes momentos.

Rosalía dotounos ás galegas e galegos dun rostro recoñecíbel, ante nós mesmos e ante outros pobos. Deunos tamén un rostro individual no que nos recoñecer como galegas e galegos e, no exercicio da nosa identidade, poder achegármonos a outras visións do mundo. Ela fixo unha fotografía do profundo e esencial de nós. Na súa poesía dínos que, como todo ser humano, estamos feitos de soidade, de amor, de tempo, de dor, de memoria, e, de maneira determinante, dun idioma no que nos realizarmos ao expresarmos nel o que somos e defender o que nace da nosa conciencia social, política e cultural de pertenza. A súa obra fascínanos, ela sempre está do lado dos e das humildes, na busca da xustiza para que esta terra nosa que ela canta unha e outra vez non fose espoliada, de xeito que os abundantes recursos da Galiza non sexan saqueados e puidesen pór fin á emigración. Da mao da súa poesía, na súa complexa actualidade, podemos entrar á cerna da identidade doutras culturas, doutras identidades, onde outras Rosalías traballan para deter o roubo das súas riquezas naturais, pagando moitas veces coa súa propia vida.

Coñecer a Rosalía significa ter ferramentas coas que poder saber que nos transmiten cando nos falan dos feminismos comunitarios, feminismos decoloniais, feminismos indíxenas, feminismos das mulleres afrodescendentes, que permiten comprender o labor das mulleres pertencentes aos pobos orixinarios da América ou do Brasil. Elas veñen conseguindo que as

súas culturas non se convertan en culturas fantasmas. Son as mesmas mulleres que estiveron sempre en moitos lugares do mundo, fronte ao roubo das súas terras, fronte á deforestación masiva ou pola recuperación de terras expropiadas. Rosalía, a que se opuxo á destrución do bosques de Conxo, que nos diría Rosalía dos ecocidios que estamos a sufrir ou que veñen de camiño como o da Serra do Suído?

Ela sería solidaria coas súas irmás: mulleres arrincadas das súas terras, da súa cultura, transterradas a urbes para vivir na marxinalidade.

Desde onde nos están a falar, senón desde o centro do drama da nosa emigración e como o sufriron e o sofren as mulleres galegas?

A ela e a nós, non nos é allea a depredación dunha natureza viva, esplendente, dunha paisaxe coa que fomos abenzoados, que ela cantou e que é un dos máis fermosos recursos naturais desta terra. A Ela e a nós, a todos aqueles e aquelas que ven a súa terra vulnerada pídennos que analicemos o patriarcado as máis diversas formas do colonialismo, do machismo ou do sutil racismo, e sexamos activos en mudar dinámicas que nos negan. Dinnos Elas que o patriarcado é consecuencia da colonización e dinnos que teñen que construír seu propio concepto de feminismo.

Da mao de Rosalía sabemos da necesidade de cuestionar todas as lóxicas da dominación, sexan de natureza cultural, social ou de xénero. Nada lle foi alleo a Rosalía e nada nos ten que ser alleo a nós. A súa poesía convócanos chama por nós, para que tomemos conciencia do noso dereito a determinar o noso presente cheo de futuro.

Cesáreo Sánchez Iglesias,
presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.
Bonaval, 25 de febreiro de 2023